



CONCELLO DE VIGO
ESCOLA MUNICIPAL DE ARTES E OFICIOS

CONCELLO
DE VIGO



**PREGO DE CONDICIÓN S TÉCNICAS.
CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA E DO
SERVIZO DE PEQUENO MANTEMENTO DAS
DEPENDENCIAS E INSTALACIÓN S DA ESCOLA
MUNICIPAL DE ARTES E OFICIOS DE VIGO**

1. OBXECTO:

1.1.- É obxecto do presente Prego a contratación, mediante concurso aberto, da limpeza dos locais, superficies, dependencias, cristaleiras e mobiliario do organismo autónomo municipal "Escola Municipal de Artes e Oficios" así como do mantemento correctivo e preventivo das súas edificacións e instalacións.

1.2.- Os traballos a realizar refírense a todas e cada unha das plantas e dependencias dos edificios principal e anexo da Escola Municipal de Artes e Oficios e superficies adxacentes; os servizos a prestar e a súa periodicidade recóllese no punto 3.2.

Inclúese dentro do obxecto do contrato tódolos útiles, mobiliario e demais elementos da escola, así como vestiarios e servizos hixiénicos que se atopen nas áreas de limpeza definidas no ANEXO I e que integra o presente Prego revestindo carácter contractual.

1.3.- Con carácter xeral a prestación do servizo non se realizará durante o período de vacacións de verán (agosto). Existen as seguintes salvedades:

1.3.1.- As oficinas de administración e despachos de dirección e profesorado, así como as zonas de uso común, baños e zonas de paso para o correcto funcionamento destas áreas administrativas durante 4 (catro) semanas deste período, a convenir coa dirección do centro segundo as necesidades de cada verán.

1.3.2.- No caso de contaren con programas de vacacións de verán realizarase o servizo de limpeza durante a duración da actividade, nas aulas e zonas de uso común que se determine pola Dirección da EMAO, segundo as necesidades, coa frecuencia que se establece neste prego.

1.3.3.- Na derradeira semana de agosto realizarase unha limpeza xeral parcial do centro, para garantir o perfecto estado de hixiene das zonas a usar cando chegue o profesorado o día 1 de setembro.

2.- SERVIZOS A REALIZAR

A execución dos traballos de limpeza abrangue solos, teitos, paredes de todo tipo, portas, fiestras, mobiliario, cristais exteriores e interiores, escaleiras, servizos hixiénicos, dourados e metais, zócalos, persianas, cortinas, moquetas, alfombras e, en xeral, cantos outros utensilios sexan necesarios para o desenvolvemento e bo funcionamento do centro. Con carácter xeral exclúense as maquinarias e ferramentas dos talleres dedicadas ao aprendizaxe do alumnado.

A prestación do servizo inclúe, así mesmo, a dotación e mantemento de papeleiras do entorno, xunto con todos os outros elementos necesarios para realizar adecuadamente o servizo, así como a dotación e mantemento de contenedores hixiénicos nos baños.

Así mesmo inclúense tamén os labores de pequeno mantemento do centro, tanto na súa parte preventiva como correctiva, que deberán abarcar os traballos de mantemento e conservación de bens, equipos e instalacións do centro, incluíndo o seu entorno, de forma que se asegure o correcto e continuado funcionamento do centro e das súas instalacións. Con carácter xeral exclúese o mantemento da maquinaria e ferramentas dos talleres dedicados ao aprendizaxe do alumnado que requiran dun servizo técnico especializado, podendo exercerse pequenas labores de mantemento como cambio de fusibles, reparacións de enchufes, etc.

3.- FORMA DE PRESTACIÓN DO SERVIZO.

3.1.- Características básicas dos produtos

A limpeza da Escola de Artes e Oficios que é obxecto de contratación neste prego, realizarase baixo unha serie de normas básicas esenciais de protección e respecto co medio ambiente, garantindo a máxima seguridade para os usuarios do centro e asegurando a correcta conservación de superficies e materiais a limpar.

Os produtos de limpeza utilizados deberán cumprilas seguintes especificacións relativas a composición, envasado e aplicación:

- Seren biodegradables.

- Sen sustancias tóxicas ou perigosas, agás a lixivia que será utilizada na máxima disolución posible.
- Deterxentes con baixo contido en fosfatos, ou sen fosfatos.
- Envasados en recipientes reutilizables, homologados e có etiquetado pertinente.
- Non se permite o emprego de aerosois ou calquera produto con compoñentes gasosos.
- En xeral, o servizo de limpeza favorecerá o uso de produtos respectuosos co medio ambiente e coa saúde das persoas, evitarán o uso de sustancias nocivas tóxicas ou contaminantes, e os produtos serán utilizados na máxima disolución posible. Igualmente o adxudicatario será o único responsable dos residuos xerados; a tal obxecto deberá presentar contrato con xestor de residuos autorizado para os produtos que o precisen.

O traslado do papel usado deberase efectuar dende os colectores de recollida selectiva de papel do interior dos edificios aos colectores azuis utilizados para o papel e localizados no exterior dos edificios.

As empresas concursantes deberán presentar na súa oferta un Plan de Recollida dos materiais utilizados no servizo de limpeza: augas contaminadas, trapos e demais materiais necesarios para o correcto funcionamento do servizo.

3.2.- Frecuencia dos servizos.

O servizo de limpeza comprenderá as actuacións que de seguido se relacionan, así como a periodicidade con que se deben prestar.

Servizos diarios:

- Varrido e fregado de pavimentos.
- Nos pavimentos de madeira, realizarase en días alternos un varrido húmido con mopa con limpador xabronoso específico para madeira, que manteña o aspecto orixinal desta, respectuoso co medio ambiente e non tóxico para persoas e/ou animais.
- Aspirado de moquetas e alfombras.
- Limpeza de po de mobiliario de cancelas e elementos decorativos.
- Limpeza de pegadas en cancelas acristaladas.
- Limpeza e desinfección de servizos e aseos.
- Limpeza de papeleiras e contenedores hixiénicos.
- Limpeza e fregado de escaleiras.
- Limpeza e desinfección de teléfonos e interfonos.
- Recolleita de papeis e demais desperdicios das zonas exteriores que pertencen ó Centro.
- Nos Obradoiros de CAIM Gaita/Zanfona, CAIM Luthería antiga, Escultura e talla en madeira e Cerámica, a base da limpeza xeral será o aspirado das superficies para a eliminación profunda do pó e partículas procedentes do traballo dos talleres.

Servizos semanais:

- Limpeza a fondo de azulexos en servizos e aseos.
- Varrido de patios.
- Aspirado de mobles tapizados.
- Limpeza de dourados e metais.

- Limpeza de letreiros indicadores e equipos extintores.
- Rego e limpeza de plantas.

Servizos mensuais.

- Limpeza de po en teitos, paredes e zócalos.
- Limpeza de cristais interiores e exteriores, incluíndo andamio onde sexa preciso.
- Limpeza de puntos de luz con desmontado, montado e lavado dos mesmos.
- Abrillantado de solos de terrazo e mármore.
- Lavado con máquina a presión, de chan e paredes dos patios, exceptuando o caso de chans ou paredes de pedra, onde deberán utilizarse métodos contrastados como non abrasivos e eficaces na limpeza da mesma.
- Limpeza xeral da totalidade do mobiliario.
- Limpeza xeral de aulas taller.

Servizos trimestrais:

- Desinfección e desratización preventiva.

Servizos semestrais:

- Lavado de cortinas, incluído o desmontase e posterior colocación das mesmas.
- Champuneado de moquetas e alfombras (e sempre que sexa requirido para elo).

Servizos varios:

- En períodos vacacionais, limpeza xeral de estanterías e libros, empregando aspiradores axeitados (incluído baleirado e colocación dos libros). Na Biblioteca histórica estes labores faranse baixo supervisión de persoal especializado nomeado polo Concello.
- Limpiaránse de inmediato as manchas cando se produzan como consecuencia de accidentes, obras ou calquera outra causa.

3.3.- Prestación dos Servizos.

3.3.1.- Na execución do servizo, o adxudicatario empregará a maquinaria e materiais máis adecuados ás características de distintos locais, superficies, e demais elementos, a fin de que non danen a súa conservación.

3.3.2.- A composición dos produtos, líquidos e deterxentes que se utilicen serán dos habitualmente utilizados nos servizos desta natureza, prohibíndose o emprego daqueles que pola súa concentración e composición danen, produzan corrosión ou prexudiquen as superficies sobre as que se apliquen, especialmente en metais, mobiliario, moquetas e alfombras.

3.3.3.- O po, papeis, refugallos e calquera outro produto desbotable, posto a disposición da empresa adxudicataria depositaranse por esta para a recolleita dos mesmos, nas condicións regulamentariamente esixidas polo servizo de limpeza viaria.

3.3.4.- A empresa adxudicataria responderá dos danos e prexuízos que por mal uso do servizo ocasione, facéndose cargo da reposición, aboamento ou indemnización a que dea lugar o dano producido. Concretamente, por inundacións de billas abertas e polo deterioro de prendas por contactos con depósitos de produtos cáusticos. A empresa adxudicataria controlará especialmente os produtos utilizados na limpeza, e a súa repercusión na saúde dos usuarios e usuarias, na degradación das instalacións e do medio ambiente, e en canto a indemnización de danos e prexuízos a terceiros, estarase ó disposto no artº 214 do R.D. Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, de contratos do sector público. A estes efectos, o concursante, na súa oferta, incluírá unha póliza de seguro para este fin.

3.3.5.- O adxudicatario obrigase a aceptar as variacións de horario na prestación do servizo que veñan impostas por razón das actividades nas instalacións, sen incremento no prezo, agás que o tempo de duración sexa maior.

3.3.6.- A empresa estará obrigada a realizar todos os servizos de limpeza de acordo coas necesidades, sen interromper a actividade que ven prestando no Centro.

3.3.7.- O adxudicatario do presente concurso asumirá realizar cantas limpeza extraordinarias fosen necesarias, recibindo por iso e en tal concepto as compensacións económicas que corresponda aboar ao persoal necesario para a súa realización, previa presentación e aceptación do orzamento polo presidente/a da Xunta Rectora.

3.3.8.- A estes efectos, entenderase por limpeza extraordinarias as non contempladas polo miúdo no obxecto do contrato, ou dunha periodicidade distinta da sinalada nesta cláusula.

3.3.9.- Non se considerarán superficie ampliada o extraordinaria, a que sexa consecuencia do mero cambio, substitución ou traslado, de actividades ou destino distinto dos locais, superficies ou instalacións.

3.4.- Servizo de Mantemento

3.4.1.- A realización dos traballos de mantemento dos diversos locais e instalacións contempladas no presente prego, realizarase baixo unha serie de normas básicas e esenciais de seguridade dos traballadores e das instalacións e de protección e respecto co medio ambiente, serán realizados por peón especialista cun mínimo de 25 horas semanais, e comprenderá os servizos que de seguido se relacionan neste Prego.

3.4.2.- Reparar pequenas avarías e desperfectos, repor elementos e, en xeral, realizar tarefas de bricolaxe e reparación en persianas, cisternas, pechaduras, portas, ventáns, colocación de cristais, substitución de lámpadas, luminarias e os equipos das mesmas, albanelería, carpintería, pintura, xardinería, fontanería, etc., coa ferramenta, utensilios e maquinaria que proporcionará a empresa adxudicataria. O material de reposto necesario nas reparacións será subministrado pola dirección do centro, con cargo aos orzamentos propios da Escola. Estas pequenas reparacións realizaranse en todo o recinto do centro: edificios, instalacións, patios, etc.

3.4.3.- Efectuar, así mesmo, as labores de mantemento preventivo necesario: pintado de paredes e estruturas metálicas, substitución de tramos de aramado, limpeza de canos e canetas, reapriete de fixacións, purgado de radiadores, programación de reloxos, etc. A realización destas tarefas deberá permitir o cumprimento do mantemento correctivo necesario para o correcto funcionamento do centro. As tarefas que necesiten dunha dedicación exclusiva para a súa realización deberán ser comunicadas á dirección do centro para buscar unha solución oportuna.

3.4.4.- Realizar todas aquelas tarefas que, nunha interpretación racional, poidan ser realizadas por unha soa persoa, e que non precisen dunha capacitación técnica diferente o máis especializada que a do peón especialista. As tarefas de mantemento necesarias que non poidan ser asumidas polo técnico de mantemento deberán ser comunicadas á dirección do centro, para buscar as solucións oportunas.

3.4.5.- Deberá observarse o estrito cumprimento das medidas de seguridade e saúde laboral necesarias para a realización dos traballos, sendo responsabilidade da empresa adxudicataria o subministro e reposición dos equipos necesarios. Quedan polo tanto prohibidos os traballos nos que sexan necesarias dúas ou máis persoas para a súa realización así como traballos en altura onde sexan necesarias escaleiras de máis de 2 m de altura. Os traballos de reparacións eléctricas, incluídos cambios de lámpadas e luminarias, realizaranse sen tensión, polo que a empresa adxudicataria deberá incluír o equipo necesario para a realización destes traballos en zonas con ausencia de luz.

5.- CONTROL DE CALIDADE DO SERVIZO.

5.1.- Do propio centro: a dirección informará puntualmente das anomalías que se presenten no desenvolvemento do servizo de limpeza e mantemento e do grao de cumprimento do

calendario e protocolo de prestación do servizo e equipamento que a empresa elaborará anualmente para o centro.

5.2.- Realizarase un parte de control semanal de limpeza, que deberá ser cuberto polo persoal da empresa adxudicataria en función á realización dos traballos; este parte será supervisado polo Director da Escola Municipal de Artes e Oficios.

5.3.- A inspección do servizo realizarase con persoal municipal, ou con persoal especializado contratado a tal fin, de ser mester. Realizarase a través de visitas de control e entrevistas periódicas.

5.4.- Cada trimestre emitirase un informe interno de avaliación do servizo no que se recollerán os partes de incidencias e os partes de traballo semanais. Este informe deberá ser comunicado ó Director do Centro.

5.5.- A empresa disporá dun servizo de control de calidade que realizará as visitas e entrevistas de seguimento, segundo as estipulacións que presente o seu proxecto de licitación.

6.- TRABALLOS EXTRAORDINARIOS.

6.1.- Entenderase por limpeza extraordinarias as non contempladas, ou as dunha frecuencia maior da fixada neste prego de condicións, así como as que se efectúen en verán por necesidades da programación educativa do centro ou do comezo da actividade académica.

6.2.- Realizaranse limpeza extraordinarias cando se requiran a consecuencia de:

- A primeira limpeza de obras ou reparacións de envergadura.
- Por actividades especiais non contempladas no plan do centro.
- Por avarías de magnitude ou catástrofes naturais.
- Por realización de eleccións nacionais, municipais, europeas ou autonómicas, se o centro fora designado como colexio electoral, ou realizaranse mitins.
- Por limpeza realizadas en verán, determinadas pola Dirección da EMAO, para atender as actividades non correspondentes ao uso habitual do centro --ou equiparable ao mesmo--, que comprenderá as aulas, servizos sanitarios, zonas de paso e de uso común que a Dirección estableza, nas condicións e coa periodicidade establecida neste prego para cada tipo de uso, durante o mes de agosto ou fracción.
- Nestos casos, enviarase o persoal necesario para deixar o centro en condicións para comezar ou continuar co seu mantemento periódico.
- Percibirase por isto e en tal concepto o prezo hora ofertado, tras a presentación da correspondente factura e dos xustificantes do número de horas realizadas, co visado do comité de empresa.
- O pequeno mantemento preventivo e correctivo deberá continuar realizándose en todo caso, no incluíndose como traballo extraordinario o seren necesario realizar estas tarefas o longo de todo o ano, independentemente do uso do que este a facerse do centro.

7.- MEDIOS HUMANOS E MATERIAIS.

7.1.- Os concursantes indicarán nas súas ofertas o número e categoría laboral das persoas, así como as horas de traballo de cada unha das persoas que, no caso de resultar adxudicatarios, destinarán á prestación dos servizos obxecto do contrato, agás o do persoal que realice as extraordinarias referidas na cláusula anterior.

7.2.- Os materiais, máquinas e demais útiles a empregar na prestación do servizo de limpeza e de mantemento, tales como deterxentes, xabóns, ceras, panos, vasoiras, aspiradores e demais máquinas útiles e ferramentas, serán de conta exclusiva do contratista.

7.3.- O contratista comprométese, por causa xustificada de ausencia na prestación dos servizos, a sustituí-lo persoal de cadro de persoal por outro persoal que dispoña da mesma cualificación profesional en casos de enfermidade, vacacións, permisos regulamentarios ou por calquera outro motivo que forzosamente esixa ser substituídos, o que porá en coñecemento con carácter inmediato do Director da Escola Municipal de Artes e Oficios; do mesmo xeito se procederá ao remate da substitución que se produza por incorporación da persoa substituída.


Vigo, 15 de marzo de 2013

O TÉCNICO SUPERIOR DE CULTURA E EDUCACIÓN
DIRECTOR E.F. DA EMAO

Asdo.: Rafael Ojea Pérez

CONFORME,
A CONCELLEIRA DELEGADA DE EDUCACIÓN
PRESIDENTA DO O.A. EMAO

Asdo.: Olga Alonso Suárez



ANEXO I – RELACIÓN DE LOCAIS E SUPERFICIES

EDIFICIO PRINCIPAL

Planta baixa

Despachos, oficinas, arquivo e sala ordenanzas.....	151 m ²
Biblioteca	253 m ²
TOTAL PLANTA BAIXA.....	404 m ²

Primeira planta

Sala xuntas, xefatura estudos, local persoal limpeza.....	198 m ²
Aulas.....	219 m ²
TOTAL PRIMEIRA PLANTA.....	417 m ²

Segunda planta

Aulas e arquivo.....	399 m ²
----------------------	--------------------

Terceira planta

Aulas, almacéns.....	313 m ²
----------------------	--------------------

Soto

Talleres	399 m ²
----------------	--------------------

Tódalas plantas

Servizos.....	30 m ²
Escadas e corredoiros	388 m ²

TOTAL TÓDALAS PLANTAS..... 418 m²

TOTAL EDIFICIO PRINCIPAL..... 2.350 m²

EDIFICIO ANEXO

Planta baixa

Aulas e Sala exposicións..... 315 m²

Primeira planta

Aulas 295 m²

Segunda planta

Aulas 295 m²

Terceira planta

Aulas 415 m²

Tódalas plantas

Servizos..... 27 m²

Escadas e corredoiros..... 264 m²

TOTAL TÓDALAS PLANTAS 291 m²

TOTAL EDIFICIO ANEXO..... 1.611 m²

PATIOS E TERRAZAS AMBOS EDIFICIOS

TOTAL PATIOS E TERRAZAS..... 310 m²

RESUMO TOTAIS SUPERFICIES

Edificio Principal..... 2.350 m²

Edificio Anexo..... 1.611 m²

Patios e Terrazas..... 310 m²

TOTAL..... 4.271 m²

TOTAL ESPACIOS OBXECTO DE LIMPEZA..... 4.271 m²


ANEXO 2 - CATEGORÍA E ANTIGÜIDADE DO PERSOAL A SUBROGAR¹

Nome	Categoría	Antigüidade	Xornada semanal
ACM	Encargado xeral	01/08/1998	25,00 h/s
MVR	Limpiador/a	07/01/1987	38,50 h/s
MRP	Limpiador/a	07/01/1987	38,50 h/s
NVB	Limpiador/a	08/09/2003	35,00 h/s
JPG	Limpiador/a	01/09/04	38,50 h/s

ASINADO POR: Director En Funcións Da Escola Municipal De Artes E Oficios (Rafael Ojea Perez) 2013-05-22T15:01:35+02:00 -

Documento asinado

¹ Certificado da empresa LINORSA de 21/05/2013

	Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 22/05/2013 15:06	Páxina 2 de 2
	Expediente 886/13	Código de verificación: 28EE3-232AD-EA322-45B25	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv			